



Actualmente, no ensino regrado non universitario galego só se imparte chinés nas escolas oficiais de idiomas. En toda Galicia, hai catro escolas con departamento de chinés: A Coruña, Vigo, Ourense e Lugo. O de Lugo é o departamento de máis recente creación, no 2013-14. O departamento está actualmente composto por dúas profesoras.

O CLEC (Center for Language Education and Cooperation, antes coñecido como Hanban), Centro de Enseñanza y Colaboración Internacional de la Lengua China, é un organismo chinés que depende do Ministerio de Educación de China. O CLEC ten un acordo de colaboración coa Consellería de Educación e envía todos os anos profesorado do “programa de profesorado voluntario” ás escolas oficiais de idiomas, que fai labores similares ás dos auxiliares de conversa.

Na EOI de Lugo, temos profesorado voluntario dende o primeiro curso, o 2013-14, de maneira interrompida até o presente, agás no curso 2020-21 debido á situación sanitaria. O noso profesor voluntario actual, Xingyuan Yin, aínda non está en Lugo e incorporarase o día 1 de outubro, polo que as clases para impartir chinés como actividade extraescolar nos centros de primaria comezaría na semana do 7 de outubro.

En decembro de 2018, a Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial convocou ás xefaturas de departamento e direccións das EOI que impartían chinés a unha reunión para establecer un programa de promoción do idioma chinés en Galicia. Na devandita reunión informouse de que a Consellería participou nunha xuntanza organizada polo CLEC (Hanban, naquel momento) con outras administracións educativas do estado español, para tratar a situación do ensino do chinés nas diferentes comunidades autónomas. Os representantes da Consellería trasladaron ás xefaturas e direccións a intención de valorar a posibilidade de, nun futuro, introducir a lingua chinesa no ensino secundario galego. Como consecuencia desta reunión, e coa intención de promover o idioma chinés, no curso 2019-20 a EOI de Lugo comezou unha colaboración con tres centros da contorna, como experiencia piloto, en que se ofertaba a actividade extraescolar de chinés, dunha hora de duración semanal, impartida pola profesora do programa de profesorado voluntario. Os tres centros foron o CEIP Rosalía de Castro, o CEIP-Anexa e o EEI Fingoi nº 2. A colaboración comezou cunha boa acollida inicial por parte do alumnado e familias pero, debido á situación sanitaria, a partir de marzo de 2020 tivo que ser cancelada.

A colaboración para impartir chinés como extraescolar en centros da contorna retomouse no curso 2023/24, no mes de xaneiro, nos centros CEIP Rosalía de Castro e CEIP Illa Verde, cunha frecuencia semanal dunha hora.

A proposta da EOI de Lugo para o curso 2024/25 é que participen neste programa os centros CEIP Rosalía de Castro, CEIP Illa Verde e CEIP Anexa de Lugo.

Esta actividade tería o carácter de extraescolar e tería unha hora de duración un día á semana.